



\_OX  
VI ENCONTROS  
DE FILOSOFÍA  
PARA VERANEANTES  
2022

\_OX  
9-13  
AGOSTO  
Ás 20H  
CAPELA DO PILAR  
DE CORCUBIÓN

\_OX  
**ILUSIONISMOS  
TECNOLÓXICOS?**

PROPOSTAS PARA VIAXAR ENTRE  
A BIOSFERA E A TECNOSFERA





# ILUSIONISMOS TECNOLÓXICOS?

## PROPOSTAS PARA VIAXAR ENTRE A BIOSFERA E A TECNOSFERA

Filosofía para veraneantes é un programa de pensamento que se desenvolve durante unha semana do verán na vila de Corcubión na Costa da Morte. Xorde ao abeiro da liña de traballo filosófica practicada durante anos pola Asociación Cultural Universidade Cromática das Virtudes. Enténdese situado e sinala dende o principio a súa pronunciada intencionalidade de incorporar a pegada filosófica no contexto máis próximo e cotián tentando convertela en ferramenta que poida acompañar o ollar da vida da comunidade.

Con *Ilusionismos tecnolóxicos?* queremos traer a esta edición o paradoxo da innovación tecnolóxica, indagando especificamente no seu carácter construtivo e destrutivo aparentemente indisoluble. Neste espazo común de achegas e recepcións e dende un pensamento que saiba coidar-nos, queremos convocar algúns dos interrogantes que se abren nun tempo indubidablemente mediado pola tecnoloxía e especialmente marcado por, citando ao pensador Bernard Stiegler, “a devaluación de todos os valores: climáticos, xeolóxicos, económicos, xeopolíticos, morais, éticos, estéticos, epistémicos e sociais”. Convocamos a pregunta de se a viaxe desde a biosfera á tecnosfera ha levar sempre implícita a promesa dun espellismo tal que, ao tempo que alimenta o soño de vidas posibles, destrúe o florecemento da súa diversidade.

María Bella e Miguel Vázquez Freire



# PROGRAMA <<<<<<<<<<<<<<<<<<<<<<<

## >>>> 9 DE AGOSTO, 20H

---

**DELMIRO ROCHA**-Profesor de Filosofía na USC  
 >A tecnoloxía a xuízo. Filosofía para unha crítica da sociedade contemporánea

**MARÍA YÁÑEZ**-Xornalista e produtora en cultura dixital audiovisual  
 >Impugnamos a voráxine ou facemos un Tiktok?

## >>>> 10 DE AGOSTO, 20H

---

**MANUEL CEBRAL**-Profesor en Humanidades dixitais no Tecnolóxico de Monterrey  
 >Resistir ou Resistirse: Retos filosóficos asociados á Intelixencia Artificial

**GERMÁN SIERRA**-Escritor e Profesor de bioquímica e bioloxía molecular na USC  
 >Ficcións da razón eléctrica

## >>>> 11 DE AGOSTO, 20H

---

**JOÁN EVANS PIM**-Coordinador do Observatorio Ibérico da Minaría  
 >Xeografías sociais do extractivismo a través do Observatorio Ibérico da Minaría

**XOÁN-XIL LÓPEZ**-Artista sonoro e investigador  
 >A escoita múltiple nos limiares da paisaxe sonora

## >>>> 12 DE AGOSTO, 20H

---

**SALETA DE SALVADOR AGRA**-Profesora de Filosofía UCM  
 >A risa de Siri e Alexa: os robots e o sentido do humor

**MARÍA DO CEBREIRO**-Poeta e profesora de Teoría da literatura e Literatura comparada na USC  
 >En contra do virtuosismo maternal

## >>>> 13 DE AGOSTO, 20H

---

**JORGE ÁLVAREZ YÁGÜEZ**-Catedrático de Filosofía en Educación Secundaria  
 >Entender e actuar. Implicacións filosóficas da crise civilizatoria do Antropoceno

**CARMELA GARCÍA**-Bióloga e docente  
 >Estamos no Antropoceno!



# DELMIRO ROCHA

---

(Doutor Europeo en Filosofía pola UNED e pola Université Charles-de-Gaulle Lille3, Francia) é profesor de filosofía na Universidade de Santiago de Compostela. Especializouse no pensamento da deconstrución do filósofo franco-alxeriano Jacques Derrida e traduciu varias das súas obras ao castelán. Como autor ten publicado *Deconstrucións. Unha volta a Jacques Derrida* (Estaleiro, 2011), *Dinastías en Deconstrucción. Leer a Derrida al hilo de la soberanía* (Dykinson, 2012), *Quizais. Filosofía ético-política do porvir* (Euseino?, 2014) e *Deconstrucción de la pena de muerte* (La Oficina, 2019). Como editor ten publicado o monográfico *Lecturas de Derrida* (Revista Ápeiron, nº 15-2021) xunto a Santiago Caneda e Cristina de Peretti e *La apropiación de Heidegger* (UNAM & Bonilla Artigas, 2020) xunto a Pilar Gilardi.

## A TECNOLOXÍA A XUIZO. FILOSOFÍA PARA UNHA CRÍTICA DA SOCIEDADE CONTEMPORÁNEA

Esta presentación quere compartir a crítica ás novas tecnoloxías que xurdiu no norte de América a finais da segunda metade do século XX cun obxectivo primario: determinar en que medida pode a filosofía axudar a pensar as sociedades tecnolóxicas contemporáneas. Nun contexto de dominación cultural pautado polas novas tecnoloxías non é suficiente reflexionar sobre os beneficios e prexuízos particulares nun plano práctico, senón que é preciso investigar a capacidade que as novas ferramentas teñen para fornecer novas ideoloxías hexemónicas. Malia a eficacia do formidable desenvolvemento das novas tecnoloxías, o que non é tan novo é que as novas ferramentas non só resolven cuestións prácticas senón que implican un novo xeito de pensar. Esta repetición pódese rastrexar, e dela podemos tirar tanto a súa lóxica como algúns principios teóricos. É así como os estudos críticos de perfil humanístico conservan aínda a capacidade de axudarnos a pensar esta aparente novidade absoluta.

---

Freud, S.: “El malestar en la cultura” en *Obras Completas*, vol. XXI (1927-1931). Amorrortu, 2007.

Platón: Fredo

Postman, N.: *Amusing Ourselves to Death. Public Discourse in the Age of Show Business*. Viking Penguin Inc., 1985.

# MARÍA YÁÑEZ

---

Leva dúas décadas traballando como xornalista en medios dixitais, desenvolvendo contidos audiovisuais e deseñando estratexias de comunicación *online* para diversos proxectos culturais e empresariais. Foi socia fundadora e responsable de contidos na empresa de comunicación dixital A Navalla Suíza. Colaborou coa USC en varios proxectos de investigación relacionados coa literatura e as novas tecnoloxías, e foi co-editora de EMBED, publicación en torno ao audiovisual integrado na rede. Nos últimos anos desenvolveu labores de comisariado e produción en diversos proxectos relacionados coa cultura dixital audiovisual, como o TEK FEST (Concello de Pontevedra, 2016-2017) o Laboratorio Audiovisual de Innovación e Creación - LAIC (Concello da Coruña, 2017-2019) ou o Festival de Contidos Dixitais Carballo Interplay (2014-2020).

Desde 2018 é directora de VINTE, unha revista *online* de sociedade, cultura e tendencias vinculada ao xornal Praza.gal e docente no Master en *Social Media* e Contidos Dixitais da Universidade de Vigo, na materia de Creación Audiovisual para a Rede.

## **IMPUGNAMOS A VORÁXINE OU FACEMOS UN TIKTOK?**

O espazo dixital leva tempo moldeando a conversa pública segundo as estruturas marcadas polas plataformas de contido, as redes sociais e os seus algoritmos, construídos por empresas privadas obrigadas a xerar beneficio económico. A opacidade e o pouco control que se pode exercer sobre o seu funcionamento, xunto coas consecuencias que ten para os individuos e a sociedade o uso moitas veces tóxico das mesmas, son problemas aos que temos que enfrontarnos como cidadás.

Impugnamos o sistema desconectándonos del? Tratamos de resistir, de reconquistar este espazo, de facernos fortes nel? A costa de que facemos unha cousa ou outra? É posible transformar estas estruturas? Son un vehículo necesario para os discursos disidentes ou a disidencia é non participar nelas?

---

Odell, J.: *Cómo no hacer nada*. Ariel, 2021

Peirano, M.: *El enemigo conoce el sistema*. Debate, 2019

Sampedro Blanco, V.: *Dietética Digital: Para adelgazar al Gran Hermano*. Icaria, 2018

# MANUEL CEBRAL

---

É Dr. en Filosofía pola USC coa tese “A revolución cibernética dende a filosofía de Gilles Deleuze: un achegamento crítico as ferramentas de minería de datos e Big data” e Mestre en Aprendizaxe estatístico e Minería de datos pola UNED. Dende 2019 é Profesor a tempo completo no Tecnolóxico de Monterrey (México) no Departamento de Estudos Humanísticos onde coordina a Liña de Xeración e Aplicación de Coñecemento (LGAC) en Humanidades dixitais. Algúns dos seus últimos artigos son “Neural Deep Learning Models for Learning Analytics in a Digital Humanities Laboratory” (2021), “Voluntad y deseo en la filosofía moderna: un acercamiento computacional“(2020), ou “El teatro y la realidad virtual como metodología experimental para las Humanidades” (2020), así como o libro *Teoría da imaxem* (2018). Ten impartido palestras en países como Brasil, Portugal, México, Islandia ou España e desde 2021 forma parte do Sistema Nacional de Investigadores de México.

## RESISTIR OU RESISTIRSE: RETOS FILOSÓFICOS ASOCIADOS Á INTELIXENCIA ARTIFICIAL (IA)

Moito se falou e falarase sobre a técnica e como esta afecta ao ser humano. Xa nos comezos da tradición filosófica, Platón utilizou un aparato estritamente tecnolóxico, a alegoría da caverna, opoñéndoa ao pensamento ceibe, o pensamento do afora. Malia esta oposición, Platón non era, no fondo, tan platónico como moitos pensaron despois, e o seu pensamento está, de feito, fornecido por innumerables simulacros. Comezando pola súa propia escritura, o diálogo; continuando coa identidade do seu suxeito enunciador, Sócrates, a quen emula; e rematando polo marcado carácter mitolóxico que sustenta a súa filosofía. Nesta sesión tentarase explicar a necesidade dunha filosofía aliada da Intelixencia Artificial, cuestionando a verdade última dun pensamento natural escindido da súa *techné*.

---

Brassier, R.: *Nihil desencadenado. [Ilustración y extinción]*. Materia Oscura, 2017

Churchland, P. M.: *Plato's camera: How the Physical Brain Captures a Landscape of Abstract Universals*. MIT Press, 2012

Metzinger, T.: *Being no One: The Self-model Theory of Subjectivity*. MIT Press, 2004

Negarestani, R.: *Intelligence and Spirit*. Urbanomic/Sequence, 2018

Raffman, D.: “On the Persistence of Phenomenology” en Metzinger, T. (Ed.), *Conscious Experience*. Ferdinand Schoningh/Imprint Academic, 1995

Roden, D.: *Posthuman Life: Philosophy at the Edge of the Human*. Routledge, 2015



# GERMÁN SIERRA

---

É profesor de Bioquímica e Neurociencia na Universidade de Santiago de Compostela, e narrador e ensaísta en español e inglés. Entre os seus libros cabe destacar *Efectos secundarios* (Debate, 2000; Premio Xaén de novela), *Tente usar outras palabras* (Mondadori, 2009), *Standards* (Pálido Lume, 2013), *The Artifact* (Inside the Castle, 2018), *Fabulae* (Oneiros Books, 2021) e *Interstitial Artelligence* (Centre for Experimental Ontology Press, 2022). Ademais, colaborou en máis dunha trintena de libros colectivos e antoloxías, e os seus ensaios e artigos foron traducidos a seis idiomas.

## FICCIONS DA RAZÓN ELÉCTRICA

A diferenza das propostas posthumanistas, exemplificadas polo superhome, o *cyborg*, o mutante ou o zombi, cuxo contexto é o ser humano transformado ou en transformación, o inhumano é o absolutamente outro; non é produto dunha metamorfose senón que é consecuencia dunha reconstrución que ten lugar tras unha catástrofe colectiva, un cambio súbito, de tal modo que só podemos aproximarnos a el analizando o devir presente, os procesos de radical desterritorialización, mentres aínda sigamos sendo humanos. O concepto máis xeral de poshumanismo é representacional, opoñéndose á idea do humano (a “imaxe manifesta” de Sellars) que prevaleceu en Occidente desde a Ilustración: “O suxeito cartesiano do cogito, a ‘comunidade de seres razoables’ kantiana, ou, en termos máis sociolóxicos, o suxeito como cidadán...” (Braidotti) O concepto do inhumano vai moito máis alá do representacional, poñendo en cuestión ao ser humano como especie e como obxecto, como referencia esencial do pensamento, e favorecendo aquelas especulacións que se centran na súa pasada ou futura inexistencia. Para os modernos neorracionalistas, cunha forte influencia kantiana, o inhumano preserva algo máis que un rastro (ou promesa) de humanidade: é o que nos completa, o que permite levar a bo termo os ideais humanistas.

---

Giorani, F., e Negarestani, R.: *Enxeñería do mundo, artesanía da mente*. Anotacións sobre literatura e filosofía nº 27-28, Euseino Editores, 2022

J. Roden, D.: “Posthumanismo especulativo y horror biomórfico”. Xenomórfica Magazine, Holobionte Ediciones, 2018

Parisi, L.: “Computación especulativa y racionalidad ecológica”. Xenomórfica Magazine, Holobionte Ediciones, 2017

# JOÃO EVANS PIM

É Profesor Adxunto de Paz e Conflictos na Universidade Åbo Akademi, Finlandia, onde acadou o título de Doutor en Ciencias Sociais cunha tese que obtivo o premio “Harry Elvings legat” ao mellor traballo de investigación doutoral. Imparte aulas regularmente no Máster en Investigación sobre Paz, Mediación e Conflictos da Universidade Åbo Akademi e no Máster en Estudos Internacionais de Paz, Conflictos e Desenvolvemento da Cátedra UNESCO de Filosofía para a Paz, Universitat Jaume I. É tamén Diretor da Fundação Montescola e coordinador do Observatorio Ibérico da Minería onde aborda os impactos sociais e ambientais do extractivismo.

## XEOGRAFÍAS SOCIAIS DO EXTRACTIVISMO A TRAVÉS DO OBSERVATORIO IBÉRICO DA MINERÍA

A transición enerxética e a voraxine de consumo tecnolóxico no Norte Global veñen xustificando un aumento sen precedentes no consumo de metais, propulsando millares de novos proxectos mineiros cada vez máis destructivos e con maiores impactos sociais e ambientais. No entanto, corporacións mineiras e gobernos procuran encuadrar esta nova vaga extractivista nunha aximorónico “minería sustentábel”, ocultando os verdadeiros impactos desta actividade mediante campañas de enxeñaría social, contrainsurxencia suave e *greenwashing*. Para contestar esta narrativa, vén de lanzarse o Observatorio Ibérico da Minería ([www.minob.org](http://www.minob.org)) que mapea e documenta as vulneracións sistémicas da industria mineira na península ibérica. Esta presentación abordará os principais desafíos, contradicións e alternativas ao mito do crecemento perpetuo a través das xeografías da violencia extractivista nos nosos territorios.

Evans Pim, J.; Dom, A.: *El fin de la minería: una guía para lograr un mundo sin minería en 2050*. Bruselas: Seas At Risk, 2021

Evans Pim, J.: “Galiza is (not) a Mine”: Rural Responses to Pro-extractivist Policies,” en *Araucaria. Revista Iberoamericana de Filosofía, Política, Humanidades y Relaciones Internacionales*, 23(48), 2021

Santos Martín, L e Evans Pim, J.: *Reciclaje de metales: la alternativa a la minería*. Ecoloxistas en Acción, 2022

# XOÁN-XIL LÓPEZ

---

É artista sonoro e investigador cuxo traballo xira en torno á práctica fonográfica (gravación de campo) e a experimentación sonora adquirindo a forma de instalacións, situacións inmersivas de escoita, composicións, performances e textos. É un dos co-fundadores de Escoitar.org, colectivo interdisciplinar adicado ao estudo da paisaxe sonora, activo entre 2006 e 2016. Forma parte dos proxectos Mediateletipos (arte sonora), Ulobit (improvisación) e Voltage Opposite (danza), e colabora con diferentes formacións como o ensemble de música contemporánea Vertixe Sonora, a compañía Gigacircus ou a proposta de música electrónica Haarvöl. Impartiu obradoiros, seminarios e conferencias sobre arte sonora e gravación de campo en universidades e centros de investigación e os seus traballos foron presentados en centros como o Museum of Contemporary Art ZKM (Karlsruhe), o KUMU (Tallinn) ou o Reina Sofía (MNCARS). Recentemente o seu traballo *Organscape* foi galardonado cunha Mención Honorífica nos Prix Ars Electronica 2021 e formou parte da exposición *Cybertarts* (Linz/Austria) e da mostra *ECHO* dentro do festival internacional Schlossmediale 2022 en Werdenberg (Suiza). [www.unruidosecreto.net](http://www.unruidosecreto.net)

## A ESCOITA MÚLTIPLE NOS LIMIARES DA PAISAXE SONORA.

Paisaxe sonora é o nome que se lle dá á trama continua e complexa de sons que nos rodean e que, na súa formalización, se converte en obxecto de investigación, creación e especulación.

Xa na súa orixe o concepto estivo moi vinculado ao ámbito da ecoloxía, incidindo na importancia da dimensión acústica da nosa contorna como parte integral da existencia humana mais, e especialmente nos últimos anos, cando a escoita ecolóxica se amplía alén das cordeadas antropocéntricas tradicionais e urxindo a necesidade, como afirma Timothy Morton, de recoñecer a existencia de moitas outras temporalidades.

Na práctica da arte sonora dos últimos anos incorporáronse unha serie de dispositivos e tecnoloxías de captación que permiten acceder a sons que exceden os límites da nosa escoita facéndonos conscientes de paisaxes ata agora inaudibles. Dar accesibilidade a este universo que excede os nosos sentidos, así como construír relatos na intersección entre a investigación científica e a artística, contribúe a concienciar nos da interconectividade do ecosistema do que formamos parte e do que depende o noso futuro colectivo.

---

Krause, B.: *A grande orquestra animal*. Kalandraka, 2021.

López, Xoán-Xil: “La fonografía más allá del fonógrafo” en AA.VV.: MASE. *Historia y presencia del arte sonoro en España*. Bandaaparte editores, 2016.

Morton, T.: *All Art is Ecological*. Penguin book | Green ideas, 2018.

Schafer, R. M.: *El paisaje sonoro y la afinación del mundo*. Intermedio Editores, 2013.

# SALETA DE SALVADOR AGRA

---

É licenciada en Filosofía pola USC, Máster en Xénero, Educación e Políticas de Igualdade e Liderado pola UVigo, Doutora europea en Filosofía pola USC e, en co-tutela, Doutora en Semiótica pola Universidade de Boloña e o Instituto Italiano de Ciencias Humanas. Na actualidade, é profesora de Filosofía da linguaxe na figura de axudante doutora na Universidade Complutense de Madrid. As súas liñas de investigación xiran en torno a problemas da Filosofía da linguaxe, da pragmática/ciberpragmática, do sexo/xénero e dos estudos de Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade (CTS). Sobre estes temas ten publicado unha corentena de artigos e ten participado en varios congresos nacionais e internacionais. Entre as publicacións máis recentes destacan: “Guerrillas ciberfeministas: la batalla desde los códigos” (Revista Andaluza de Antropología, 2018), “Tras los signos: deseo y narración en el escenario Web” (Isegoría, 2019), “La risa de John L. Austin, o la seriedad de su humor” (Anales, 2022), “The Total Speech Act: Infelicities and Cultural Variations. The Contribution of Women Anthropologists” (Intercultural Pragmatics, 2022), “Cómo no hacer cosas con palabras y cómo hacerlas con el silencio” (Endoxa, en prensa).

## A RISA DE SIRI E ALEXA: OS ROBOTS E O SENTIDO DO HUMOR

Poderíamos facer un robot con sentido do humor? Esta pregunta, nunha clara chiscadela coa de Alan Turing, levou aos filósofos Matthew Hurley, Daniel Dennett e Reginald Adams no 2011, oitenta anos despois de que o matemático británico nos invitara a reflexionar sobre a capacidade cognitiva das máquinas, a unha interesante reflexión. Agora, o test xa non tería que poder determinar se unha máquina pode pensar, senón se pode rir. O xogo de imitación problematizase no momento no que a pregunta volve sobre as habilidades e ferramentas necesarias para pensar/facer/dicir o humor. A partir do xogo de imitación da risa de dúas axentes persoais de voz feminizadas, as célebres Siri e Alexa, tentarei presentar o fenómeno do ilusionismo tecnolóxico que supón unha asistente virtual rindo e, aínda máis, unha robot con sentido do humor.

---

Hurley, M.; Dennett, D.; Adams, R.: *Inside Jokes. Using Humor to Reverse Engineer the Mind*. The Mit Press, 2011

Turing, A.: ¿Puede pensar una máquina? [1947]

# MARÍA DO CEBREIRO

É escritora e profesora titular de teoría da literatura e literatura comparada na USC. Como ensaísta é autora das monografías *Representación poética e ficción lóxica* (2004), *As terceiras mulleres* (2005), *Fogar impronunciábel* (2011) e *Maternidades virtuosas*, que verá a luz en setembro de 2022. Como poeta publicou os libros de poemas *O estadio do espello* (1999); *(nós, as inadaptadas)* (2001); *Non queres que o poema te coñeza* (2004); *Os hemisferios* (2006); *Objetos perdidos* (2007), antoloxía da súa obra en versión galego-castelá; *Cuarto de outono* (2008); *Non son de aquí* (2009); *A guerra*, con Daniel Salgado (2012); *Os inocentes* (2014); *O deserto* (2015), Premio da Crítica Española; *A lentitude* (2017); *Soños. Arquivos. Cartas* (2018), e *A herba de namorar e outros poemas* (2019). Os libros *Non son de aquí* e *O deserto* foron traducidos ao inglés en Shearsman Books (2011). En colaboración con Xosé Carlos Hidalgo Lomba editou os libros de artista *Poemas históricos* (2010), *O grupo* (2012) e *A ferida* (2013), este último un diálogo poético con Ismael Ramos. Os tres, en edición non venal, son actualmente accesibles na páxina mariadocebreiro.net.

## EN CONTRA DO VIRTUOSISMO MATERNAL

Na sociedade actual a maternidade concíbese como un extenso campo simbólico, a miúdo moi polarizado, que vén disparando un inxente corpus de produción verbal onde caben desde os manuais e libros da autoaxuda aos *posts* ou contas especializadas nas redes sociais. Esta mudanza, que o presente ensaio denomina “xiro discursivo da maternidade”, non podería entenderse sen a perda da transmisión directa da experiencia de ser nai, acrecentada por dous feitos de alta incidencia en Galicia: o decrecemento progresivo da natalidade e o retraso da idade á que as mulleres teñen o seu primeiro fillo. Ambos factores contribúen a explicar a transferencia, a miúdo subrepticia, dunha serie de modelos extraídos do mundo do traballo no réxime neoliberal ás tarefas cotiás da crianza. Explorar criticamente estes novos dispositivos parentais, e as súas implicacións colectivas, é o principal obxectivo desta pequena achega ao pensamento sobre a maternidade.

Foucault, M.: *Surveiller et punir. Naissance de la prison*. Gallimard, 1975

Preciado, P. B.: *Pornotopía. Arquitectura y sexualidad en Playboy durante la guerra fría*. Anagrama, 2010.

Tojo, M.: *Maternidade fóra de catálogo*. Xerais, 2018

# JORGE ÁLVAREZ YÁGÜEZ

---

É Doutor en Filosofía pola Universidad Complutense de Madrid (UCM), Catedrático de Instituto durante moitos anos e, actualmente, Colaborador Honorífico da UCM (Departamento de Filosofía y Sociedad). É autor de diversos libros: *Michel Foucault, Verdad, poder y subjetividad*. Ediciones Pedagógicas, 1995 e 2006. *Individuo, libertad y comunidad. Liberalismo y republicanism*. Ludus, 2001. *Política y República. Aristóteles y Maquiavelo*. Biblioteca Nueva, 2011. *El último Foucault*. Biblioteca Nueva, 2013. *Antonio Gramsci. Cadernos do cárcere e outros escritos: Escolma*. USC e F. BBVA, 2021. Acaba de editar (Introducción, co-traducción, notas) De La Boétie, E.: *Discurso de la servidumbre voluntaria*. Akal, 2022.

## ENTENDER E ACTUAR.

### IMPLICACIONES FILOSÓFICAS DA CRISE CIVILIZATORIA DO ANTHROPOCENO

Hoxe apúntase cara a un cambio tecnolóxico que pode comportar unha transformación radical do ser humano, da súa entidade como tal, de como se entende e percebe. Un cambio asociado as chamadas técnicas NBIC (Nanotecnoloxías, Bioinxeniería, Informática e Ciencias Cognitivas) que terían un especial efecto no campo da Intelixencia Artificial e da chamada “mellora humana”. Os Manifestos sucesivos feitos polo denominado Transhumanismo celebran abertamente esta transformación en curso que entraña, en efecto, prometedores alcances pero, á vez, xigantescos perigos, e, en todo caso, dilemas éticos e políticos de excepcional importancia que todos deberemos afrontar.

Pero cando nos estamos formulando esas cuestións, están en curso as consecuencias de outra onda tecnolóxica que se remonta no tempo á revolución industrial, e que nos sitúa no Antropoceno. Non parece caber dúbida de que a urxencia de resolver o máis que sombrío panorama que se nos presenta (cambio climático, redución da biodiversidade, escaseza de recursos básicos, acidificación dos océanos, aumento do nivel do mar, bomba demográfica, etc.) obrigará a focalizar nel todos os esforzos, coa conciencia de que o mundo se xoga a súa existencia nese desafío.

---

Beck, U.: *La sociedad del riesgo global. Siglo XXI de España*, 2009

Taibo, C.: *Colapso*. Anarres, 2017

Maldonado, A.: *Antropoceno. La política en la era humana*. Taurus, 2018

Ferrando, F.: *Philosophical Posthumanism*. Bloomsbury Academic, 2019

Arribas, B.: *Transhumanismo. Tecnociencias e antropotecnias*. Fundación Euseino, 2021.

Ferry, L.: *La revolución transhumanista. Cómo la tecnomedicina y la uberización del mundo van a transformar nuestras vidas*. Alianza, 2017

# CARMELA GARCÍA GONZÁLEZ

É bióloga, Graduada pola Universidade de Santiago de Compostela na especialidade de Zooloxía. Foi profesora de Bioloxía de Ensino Secundario durante 36 anos da súa vida profesional. Interésase particularmente polas Ciencias Medioambientais, a Ecoloxía, a Filosofía da Ciencia, e a análise das repercusións éticas e sociais da Bioloxía e das novas Biotecnoloxías, especialmente cun enfoque nos Estudos de Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade. Sobre estes temas impartiu charlas e participou en numerosos cursos e xornadas. Nestes campos realizou traballos e colaborou en proxectos dentro do sistema educativo nacional e internacional e no ámbito das asociacións e organizacións non gubernamentais. A estas actividades engádense colaboracións con revistas como *Página Abierta*, *Inzar Razóns*, *Aula Abierta* ou *Tempos Novos*.

## ESTAMOS NO ANTROPOCENO!

Cando o Premio Nobel Paul Crutzen e Eugene Stoermer propuxeron nos anos 2000 o termo Antropoceno para referirse a unha nova etapa na que a axencia humana excede ás forzas xeolóxicas, non imaxinaron o percorrido que tería o debate. Os humanos somos unha forza xeolóxica dominante dende a revolución industrial. Investigadores de distintas disciplinas uníronse a unha fértil discusión que non trataba únicamente dunha cuestión técnica acerca da cronoloxía da historia do planeta. O debate estendeuse máis aló da comisión de estratigrafía pois afecta a sensibles cuestións socioculturais, ao marco que empregamos para entender a natureza; e é un concepto reflexivo que tamén ten unha dimensión moral e política. A nosa pegada no planeta é incontestable e estamos a sobrepasar os límites que garantizan a súa estabilidade. Pensar no Antropoceno precisa dunha visión sistémica do planeta, afecta á maneira de entender as nosas intervencións na natureza e apela á nosa responsabilidade ecolóxica e moral coas futuras xeracións que recibirán o planeta que está agora nas nosas mans.

Crutzen, P. J.; & Stoermer, E. F.: “The Anthropocene”, *Global Change NewsLetter (The International Geosphere-Biosphere Programme)*, nº 4 1, Mayo, 2000, pp. 17-18.

Steffen, W.; Crutzen, P. J and McNeill, J.R.: “The Anthropocene: Are Humans Now Overwhelming the Great Forces of Nature?”. *Ambio*, Vol. 36, No. 8, Dec. 2007, pp. 614-621.

Terradas, J.: “Los límites planetarios”. *Ambienta*, Diciembre, 2009.

Trischler, H.: “El Antropoceno, ¿un concepto geológico o cultural, o ambos?”. *Desacatos*, n.º 54, Mayo-Agosto, 2017, pp. 40-57 .

AAVV.: *Welcome to the Anthropocene!*. The Unesco Courier, Abril-Junio, 2018

\_OX

**ORGANIZA:**



**COLABORA:**

